

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ESCLEROSE LATERAL AMIOTRÓFICA (AGAELA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO VivELAdigna NO EXERCICIO 2025**

Lugar e data da sinatura dixital,

### **REUNIDOS**

#### **Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

#### **Doutra parte:**

Dona Joaquina Martínez Pintos, con DNI 35308623N, presidenta da Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica que actúa no nome e representación desta, con NIF G70217500, e nomeada en virtude do acordo adoptado pola Asemblea Xeral do día 15 de marzo de 2024, de conformidade co disposto no artigo 12 dos seus estatutos.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

**Segundo.-** Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**Terceiro.-** Que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas funcións e competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da



autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

**Cuarto.-** Que a Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica, en adiante AGAELA, segundo os datos que constan no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, foi inscrita co número 2009/13265-1ª, conforme á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Que os fins principais desta Asociación son:

- Promover a agrupación dos enfermos de Esclerose Lateral Amiotrófica, en adiante ELA e aos seus familiares.
- Defender a dignidade e os dereitos das persoas con ELA, e con discapacidade.
- Promover a plena inclusión social das persoas que padecen ELA ou algunha discapacidade.
- Crear as condicións para que as persoas socias poidan cumprir adecuadamente a misión. (Esta misión enténdese como o conxunto de accións orientadas a mellorar a calidade de vida das persoas con ELA e das súas familias, promover a súa inclusión social, defender os seus dereitos, impulsar a sensibilización social e fomentar a creación e desenvolvemento de programas asistenciais, sociais, formativos e sanitarios).
- Promover actitudes sociais positivas cara as persoas con ELA ou con discapacidade.
- Promover a lexislación axeitada que mellore a situación das persoas afectadas de ELA ou con discapacidade.
- Participar na orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que está integrado a ELA, con criterios de solidariedade.
- Recadar e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da ELA e da discapacidade.
- Representar as persoas socias no eido local, provincial, autonómico, estatal e internacional.
- Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan conseguir equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia situación de discapacidade, dirixidos especificamente á atención da muller.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia situación de discapacidade, dirixidos especificamente á atención de persoas maiores.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia situación de discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
- Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
- Promover e por en funcionamento toda clase de iniciativas culturais, educativas, de lecer, sociais e sanitarias orientadas ás persoas con ELA ou con discapacidade.



- Promover e por en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás persoas con ELA ou con algunha discapacidade.
- Sensibilizar á opinión pública e á Administración dos problemas de prevención, tratamento e curación desta enfermidade neurolóxica crónica e dexenerativa, e das consecuencias socio sanitarias que leva consigo.
- Mellorar a situación das persoas con ELA e con discapacidade, así como das súas familias, favorecendo a inclusión e a normalización persoal, familiar, social e laboral.
- Potenciar as canles de información e sistemas de axudas para as persoas socias, a fin de mellorar a súa calidade de vida e propiciar a súa plena inclusión familiar, educativa, formativa, de relacións laborais, cultural, de lecer, de prestación de servizos e tratamentos psicosociais, rehabilitadores e ocupacionais, entre outros.
- Apoiar e representar o colectivo de afectados de ELA e as súas familias para a consecución dos seus dereitos e a denuncia da vulneración dos mesmos.
- Calquera outro que de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión de AGAELA.

AGAELA figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5577, foi constituída no ano 2009, e conta na actualidade cun total de 643 persoas asociadas, das cales 151 son persoas afectadas directamente pola ELA ás que hai que sumar as persoas afectadas de forma indirecta (familiares e cuidadores) aos que AGAELA tamén ofrece servizos.

No ano 2024 AGAELA atendeu a 174 persoas enfermas de ELA, atención que, alcanzou tamén a persoas cuidadoras e familiares.

Os servizos que actualmente presta AGAELA aos seus asociados/as son:

- Servizos externalizados ou convidos con terceiras persoas ou entidades, fundamentalmente de rehabilitación, de axuda no fogar e apoio psicolóxico, cun copago por parte das persoas usuarias.
- Atención directa ás persoas usuarias nas áreas de traballo social (asesoramento na tramitación de incapacidade laboral, discapacidade e dependencia) e de terapia ocupacional (asesoramento en accesibilidade, produtos de apoio e comunicación aumentativa e alternativa), con carácter gratuíto para as persoas asociadas.

AGAELA enfróntase ao reto de responder as expectativas que creou a aprobación da Lei Ley 3/2024, de 30 de outubro, para mellorar a calidade de vida das persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica e outras enfermidades ou procesos de alta complexidade e curso irreversible. Hoxe a prioridade é revisar o que se fai no ámbito da atención ás persoas usuarias, como se está a facer e con que recursos, porque o que se necesita urxentemente é chegar a estas persoas co nivel de servizo e coa proximidade que merecen.

Esa proximidade é a que vai permitir coñecer mellor as súas necesidades, de forma que se lles poida ofrecer servizos máis personalizados e, por tanto, mellores para seguir desenvolvendo a súa vida en convivencia coa enfermidade.



Igualmente, esta proximidade vai permitir que, a interlocución de AGAELA coas Administracións Públicas, ofrezca propostas máis adecuadas para o desenvolvemento da Lei 3/2024, de 30 de outubro.

AGAELA pretende obter un coñecemento profundo da situación que viven as familias cuidadoras e a calidade da atención recibida polas persoas enfermas e detectar os problemas aos que se enfrontan no seu día a día. Un de eles é a soidade ao longo do proceso. Mediante o proxecto *VivELAdigna* pretende que non se sintan soas e darlles acompañamento profesional e humano; as persoas enfermas e as súas familias deben sentirse amparadas. Así mesmo, pretende proporcionarlles información e asesoramento sobre os recursos necesarios para a atención da persoa enferma e do seus familiares.

**Quinto.-** Estímase que en Galicia hai uns 300 pacientes de ELA. O gran peso dos cuidados, por non dicir na súa totalidade, recae nas familias. Estas, á súa vez, apóianse na súa rede social próxima e nos servizos de axuda domiciliaria. Non existen cuidados especializados. A opción que lles queda ás persoas con ELA é adaptar os seus fogares ás limitacións funcionais que progresivamente a enfermidade lles provoca. E é alí, na súa casa, onde deben recibir os apoios que precisan.

AGAELA atópase xa inmersa nun proceso de reestruturación que mira ao futuro inmediato e que aspira a conseguir, co proxecto *VivELAdigna*, os seguintes obxectivos:

- Facer unha avaliación do progreso da enfermidade e das necesidades derivadas do mesmo.
- Detectar necesidades en canto a produtos de apoio e accesibilidade da vivenda.
- Valorar o estado emocional do/a afectado/a e da súa rede de apoios (familia cuidadora ou coa que convive).
- Identificar situacións de illamento social ou familiar, propoñendo solucións adaptadas.
- Formar, asesorar e apoiar emocionalmente as persoas cuidadoras.
- Informar sobre recursos e servizos dispoñibles a través de AGAELA e outras entidades.

Desde a perspectiva das persoas afectadas, a posta en marcha deste programa representa un avance cualitativo e cuantitativo na atención que reciben. Ao apostar por unha intervención domiciliaria, personalizada e realizada por un equipo interdisciplinar especializado, AGAELA busca garantir unha atención centrada na persoa, máis próxima, adaptada á progresión da enfermidade e sensible ás dinámicas familiares e sociais. A atención no fogar facilita a detección precoz de necesidades, promove a prevención de complicacións asociadas á enfermidade e contribúe ao benestar emocional e físico tanto das persoas enfermas como de quen as cuida. Isto tradúcese nunha mellora directa da calidade de vida e da dignidade coa que se afronta o proceso da ELA. Este proxecto permitirá dar unha resposta digna, humana e eficaz ás persoas afectadas pola ELA en Galicia, asegurando o seu dereito a unha atención integral en todas as etapas da enfermidade.

O proxecto *VivELAdigna* reforza a posición de AGAELA como entidade de referencia en Galicia no ámbito da atención integral á ELA, dotándoa de ferramentas e evidencias que lle



permitirán afondar no diálogo coa administración autonómica e demais institucións públicas. O coñecemento de primeira man que se obterá a través das visitas domiciliarias e do traballo directo coas familias permitirá a AGAELA identificar necesidades emerxentes, detectar carencias no sistema actual de apoio e formular propostas concretas para a súa mellora, contribuíndo de forma activa á implementación da recentemente aprobada Lei 3/2024, de 30 de outubro.

**Sexto.-** Que tanto a Consellería de Política Social e Igualdade como AGAELA son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade. Este colectivo é o máis afectado por esta enfermidade, polo que, é preciso desenvolver programas que promovan un proceso asistencial integral destas persoas maiores centrado en actividades de traballo social, terapia ocupacional e produtos de apoio.

**Sétimo.-** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, AGAELA é a única entidade de iniciativa social na Comunidade Autónoma que conta coa iniciativa e os recursos persoais e materiais necesarios para realizar o programa que se pretende subvencionar a través deste convenio e pola tanto a única que o pode levar a cabo.

Así mesmo, as actuacións do *Proxecto VivELAdigna* recollidas na cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que unha gran porcentaxe das persoas afectadas por esta enfermidade son persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para subvencionar o custe do *proxecto VivELAdigna* durante o exercicio 2025, con suxeición as seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxecto do presente convenio é a concesión directa dunha subvención pola Consellería de Política Social e Igualdade á Asociación Galega de Esclerosis Lateral Amiotrófica, en adiante AGAELA, para o financiamento do *Proxecto VivELAdigna* para o exercicio 2025.

Con este convenio preténdese levar a cabo o *Proxecto VivELAdigna* que permitirá:

- Financiar a creación e dotación do equipo ou equipos itinerantes formados por un/unha psicólogo/a e un/unha fisioterapeuta.
- Incorporar ao equipo profesional os perfís de traballador/a social e terapeuta ocupacional para unha maior efectividade nos servizos prestados ás persoas usuarias afectados pola ELA



e as súas familias e cuidadores/as.

- Prover de recursos para os gastos correntes derivados da posta en marcha do *Proxecto VivELAdigna*.
- Garantir a sostibilidade e escalabilidade do *Proxecto VivELAdigna* a medio e longo prazo.

## **SEGUNDA. Actuacións subvencionables**

1. As actuacións que conforman este proxecto son as que se detallan a continuación:

a). Visitas domiciliarias: Estas visitas, realizadas por un equipo que conta cun/unha psicólogo/a e un/unha fisioterapeuta formados/as en atención especializada a pacientes de ELA, teñen como finalidade que a persoa enferma viva a súa enfermidade cun razoable equilibrio que lle permita ser consciente da súa situación e tomar medidas oportunas que mitiguen as situacións de dependencia que lle vai carrexar.

b). Seguimento e asesoramento personalizado: O asesoramento, prestado tanto polo equipo itinerante como pola terapeuta ocupacional, ou, no seu caso, pola traballadora social, estenderase ás persoas cuidadoras. Ofreceranse as pautas e recomendacións necesarias que contribúan a unha atención integral de calidade e proporcionarase o adestramento funcional que permita o dominio dos produtos de apoio, así como as técnicas básicas de manexo da persoa enferma. Por outra banda a traballadora social, prestará asesoramento respecto a trámites relacionados con Dependencia, Discapacidade e Axudas.

c). Capacitación das persoas cuidadoras: É fundamental capacitar as persoas cuidadoras para que os cuidados que presten sexan os adecuados e non teñan consecuencias negativas na calidade de vida das persoas que atenden, e na súa propia. Esta capacitación realizarase polo/a fisioterapeuta, e/ou pola/o terapeuta ocupacional.

d). Formación: Realizaranse accións formativas dirixidas a persoas diagnosticadas de ELA, así como aos seus cuidadores/as principais e familiares que permitan a adquisición de destrezas, fomentando tamén a participación e o establecemento de relacións de apoio mutuo. Estas accións poderanse desenvolver de maneira presencial ou telemática, en función de dispoñibilidade das persoas participantes.

Estas accións formativas permitirán profundizar na comprensión da enfermidade, adquirir habilidades prácticas de manexo, mellorar o uso dos produtos de apoio e, sobre todo, previr o desgaste físico e emocional das persoas cuidadoras. A través destas sesións, ofreceranse contidos sobre:

- 1ª. Técnicas básicas de mobilización e hixiene postural.
- 2º. Comunicación e apoio emocional á persoa afectada.
- 3º. Xestión do estrés e autocuidado do propio cuidador/a.
- 4º. Información sobre recursos sociais e sanitarios dispoñibles.

Así mesmo, promoverase a participación activa e a creación de redes de apoio mutuo, facilitando espazos de encontro onde as persoas cuidadoras poidan compartir experiencias, intercambiar solucións prácticas e reducir a sensación de illamento que moitas veces



acompaña esta tarefa.

Esta formación fóra do domicilio contribúe a reforzar o papel da persoa coidadora como peza clave na atención integral, e garante que os coidados prestados sexan de calidade, seguros e respectuosos coa dignidade da persoa enferma, ao tempo que se preserva o benestar da persoa que cuida.

e) Recursos: Cos diferentes materiais e recursos de apoio que acheguen as persoas coidadoras e a propia AGAELA elaboraranse manuais, vídeos, fichas prácticas e infografías con recomendacións e información sobre o coidado do benestar emocional e físico das persoas afectadas e das persoas coidadoras. Estes recursos reuniranse nun catálogo que se porá a disposición da comunidade a través da páxina web da AGAELA.

2. A atención desenvolverase a través dun equipo itinerante, que acudirá, previa cita, aos domicilios dos/as socios/as. Inicialmente prevese a creación dun único equipo multidisciplinar que abarcaría toda a Comunidade Autónoma. O equipo de intervención para a realización do proxecto VivELAdigna estaría composto por:

1 Psicólogo/a.

1 Fisioterapeuta.

Este equipo será o encargado de realizar as visitas, implementar intervencións directas, asesorar e formar, tanto á persoa afectada como ao seu entorno, e trasladar a información ao equipo técnico formado por un/unha traballador/a social e un/unha terapeuta ocupacional.

A periodicidade das visitas domiciliarias será mensual tendo en conta o territorio que abrangue, se ben, dependendo da evolución da enfermidade e das necesidades de cada afectado/a, esa periodicidade podería aumentarse.

A medida que AGAELA dispoña de máis recursos, contemplanse a ampliación dos equipos itinerantes a dous, co seguinte ámbito de actuación:

Zona Norte: Provincias de A Coruña e Lugo.

Zona Sur: Provincias de Ourense e Pontevedra.

Esta división territorial busca aumentar a eficiencia do *Proxecto VivELAdigna*, optimizar os desprazamentos e reducir os tempos de resposta, xa que, como sabemos, as persoas afectadas pola ELA teñen de todo, menos tempo.

### **TERCEIRA. Obrigas e documentación inicial**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto cos programas do proxecto e actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:



a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións do proxecto a subvencionar a través deste convenio, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **CUARTA. Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste convenio ten previsto desenvolver a Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica, é de 160.133,55 euros.

A Consellería de Política Social e Igualdade para a execución das actividades do *Proxecto VivELAdigna* achegará á Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica para o ano 2025, a cantidade de **100.000 euros** (Cen mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria **08.05.312E.481.1**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2025, conforme ao exposto na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

#### **QUINTA. Obrigas da entidade**

A Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar as actuacións ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar a realización das actuacións que conforman o proxecto que se subvenciona a través deste convenio, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

d) Comunicarlle ao órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións que conforman o proxecto que se subvenciona a través deste convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas cláusulas recollidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.
- h) Incorporar de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e ter en conta a perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento das actuacións que son obxecto do proxecto a subvencionar a través do presente convenio de colaboración. Na memoria final de execución que se presente, desagregarase por sexo toda a información relacionada coas actuacións do proxecto a cal se refira a persoas. Así mesmo, na documentación e material que se xere, empregaranse linguaxe e imaxes non sexistas.
- i) Diseñar e desenvolver as actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- j) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e incluír en todas elas, en lugar visible, a publicidade e información de: "financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade".
- k) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.
- l) Cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### **SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas***

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman o proxecto que vai desenvolver a entidade beneficiaria.



### **SÉTIMA. Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 22 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 78 % restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actuacións do proxecto a subvencionar, achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade interesada, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, a Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

### **OITAVA. Gastos subvencionables**

1. En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución das actuacións do proxecto a subvencionar, así como o gasto corrente directamente relacionado con estas actuacións. Os gastos repartiranse proporcionalmente entre as distintas actuacións de acordo coa desagregación recollida na memoria económica.
2. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación

Así mesmo, considerárase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante un xustificante de recepción da entidade provedora.





## NOVENA. Xustificación

A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o **10 de decembro de 2025**.

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións do proxecto a subvencionar, achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución do proxecto a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización, resultados obtidos e valoración cualitativa das mesmas, número de persoas beneficiarias en cada actuación, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actuacións realizadas**, que conterá:

1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3º. Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan, con cargo ao presente convenio, gastos de desprazamento derivados de realizar os servizos, derivados deste proxecto, que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

4º. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade beneficiaria.

5º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións que conforman o proxecto subvencionado a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6º. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 €, que pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica deba ter solicitada a entidade beneficiaria, se fora o caso.

7º. Se fora o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.



A estes efectos, achegarase o **informe da revisión efectuado pola persoa auditora de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º. Adecuación da natureza do gasto xustificativo, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do proxecto a subvencionar a través do convenio previstas na cláusula segunda, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.

2º. Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social e Igualdade" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificativo, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima.

4º. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

5º. Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento das actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificativo.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2025**. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepciónase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, documento de relación nominal de traballadores (RNT) e documento de relación de liquidación de cotizacións (RLC) dos traballadores correspondentes aos meses imputados e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría, na primeira quincena de febreiro de 2026.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade interesada, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non



ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con competencia ou con responsabilidade dentro da Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica para a dita sinatura.

#### **DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral***

A Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actuacións propostas que forman parte do proxecto da entidade. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través do dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

AGAELA asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actuacións establecidas no proxecto a subvencionar, así como aquelas derivadas das relacións contractuais con este persoal, reservándose as dúas partes o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actuacións.

#### **DECIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións***

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.



Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

### **DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia***

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando correspondan a actuacións encamiñadas á posta en marcha do proxecto; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o **10 de decembro de 2025**.

### **DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade***

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **DECIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais***

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **DÉCIMO QUINTA. Comisión de seguimento e control**

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da Asociación Galega de Esclerosis Lateral Amiotrófica, designados por cada unha das partes, así como as súas suplentes. A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración.

A secretaría deberá ser asumida por unha persoa adscrita a Dirección Xeral de Maires e Atención Sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a presidencia así como a designación da súa suplencia, que actuará nese caso con voz pero sen voto.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade.



Como órgano Colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, polo que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 24 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital:

Pola Consellería de Política Social e  
Igualdade

A conselleira

Fabiola García Martínez

Pola Asociación Galega de Esclerose  
Lateral Amiotrófica

A presidenta

Joaquina Martínez Pintos

